

Coro Novo da OSG

Achegado por Administrator
jueves, 16 de septiembre do 2010
Última actualización jueves, 16 de septiembre do 2010

O vindeiro

sábado 25 de setembro ás 12h. terán lugar no Palacio da Ópera da Coruña as probas para formar parte do Coro Novo da OSG. Este coro, pertencente á OSG, componse de xente nova con idades comprendidas entre 14 e 22 anos.

É ista unha actividade interesante para rapaces e rapazas de instituto.

Un dos proxectos máis interesantes é que o Coro Novo cantará xunto coa Orquestra Sinfónica de Galicia e o coro da OSG a obra Carmina Burana de Carl Orff en maio de 2011.

A proba do día 25 consiste en cantar unha obra clásica ou unha obra que eles coñezan, sexa unha que canten no coro do instituto ou na propia materia de música, ou que canten noutro coro ó que pertenzan, máis un pequeno exercicio de afinación. Valorarase tamén a experiencia coral que teñan, os coñecementos de linguaxe musical e se estudaron algún instrumento.